

LUIS VALLE SEMPRE OFRECE ALGO DISTINTO

Miguel Sande

Un poemario, nin que sexa de interese e ousado, non permanece hoxe máis de quince días, e xa é moito dicir, nos estantes dunha librería. Xa será excepcional que o escollan para un escaparate. Non se vende, certo. Apenas se le agora poesía (a pesar de estar á vangarda, que o estamos). Algunha culpa habemos ter tamén, por moito que influían outros factores alleos (sendo isto verdade). Porque a poesía hoxe é máis necesaria ca nunca. Porque ¿cando non se precisou de poesía nun tempo difícil de precariedade e angustia?

Quizais sexamos aínda demasiado herméticos; acaso esteamos demasiado acomodados e sexa necesaria furia, xenio (Lois, Lois Pereiro, acaba de dar exemplo) e un escribir coa tensión e a ameaza de quen sabe que pode perder o traballo ou, aínda peor, de quen non ten nin 40 euros para chegar a fin de mes.

Precísase compromiso e xenio e estar aí. Que un libro de poesía sexa como abrir un xornal. ¿Por que non? ¿Onde estamos nós, poetas? ¿Onde estamos? Tivo de ser o vello Stéphane Hessel, francés de 93 anos, quen de motivarnos. En fin, que quedo sen



POESÍA

«Fedor»

Luis Valle. Premio Eusebio Lorenzo Baleirón. Sotelo Blanco. 97 páxinas. ***

espazo para seguir escribindo.

Luis Valle é un poeta que sempre ofrece algo distinto e interésame cada libro seu por iso precisamente, porque trata de buscar o maior impacto con cada imaxe procurando unha expresión natural, espida, por iso ás veces no momento de ler un dos seus textos parece que non pousara aínda a música, que tardara en facelo espolvillada polo poema.

Este novo libro seu que chega agora ás librerías trata da morte pero coa mirada de Luís Valle sobre o que un apenas alcanza a ver.